



**ORGANIZA:**



[www.concellodetoques.com](http://www.concellodetoques.com)



Nomes e Voces  
Proxecto de Investigación  
Interuniversitario

[www.nomesevoces.net](http://www.nomesevoces.net)

**COLABORA:**

Familia de Marcial Villamor



**HOMENAXE A  
MARCIAL VILLAMOR**

**Toques  
sábado 25 setembro**

## OFRENDA E INAUGURACIÓN

17:30 h. Ofrenda floral e inauguración de placa recordatorio no Campo da Feira de Vilouríz

## CONFERENCIA

19:00 h. Aula Multiusos de Toques. Colexio Vello. Praza de Souto

Dionisio Pereira, Investigador e Coordinador do Proxecto “Nomes e Voces”

*“Marcial Villamor Varela,  
Sindicalista do Olvido”*

**Marcial Villamor Varela** (Vilouríz/Toques, 1899- Ferreira/Guntín, 1937) Ebanista radicado en Santiago de Compostela, moi activo no obreirismo local durante a IIª República. Membro destacado da “Sociedad de Carpinteros”, formou parte durante o primeiro bienio republicano do único grupo da FAI na cidade, xunto co albanel Manuel Amil. O fracaso da folga xeral convocada pola CNT en decembro de 1933, dá lugar a un xiro nas súas posturas, pois retoma a vella amizade con Ángel Pestaña e intégrase no Partido Sindicalista, do que será un dos máis senlleiros representantes en Compostela. Detido e condenado a seis meses de prisión tras os sucesos de outubro de 1934, comeza na cadea a colaborar no semanario *Ser* da man do seu amigo Arturo Cuadrado. Máis tarde, na Fronte Popular, defende a creación dunha Federación obreira unitaria, integrando todas as correntes proletarias existentes. Membro do Comité de Defensa que enfrontou o golpe militar na cidade, fuxiu á súa aldea natal onde estivo agachado un ano coa intención de pasar a Asturias. Fracasado o proxecto, foi detido en Lugo e asesinado cando era trasladado a Compostela pola Garda Civil.

Fonte: Eliseo Fernández e Dionisio Pereira, *O anarquismo na Galiza (1870-1970) Apuntes para una enciclopedia*, Edicións Positivas, 2004.